



**CONCELLO DE
CARNOTA**

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN

OBRA: Adecuación de pavimentación na zona Oeste da Rúa-Lira

PRAZO: 2 meses

PRESUPOSTO CONTRATA: 88.712,24 €

José Carlos Leis Caruncho, como arquitecto dos Servizos Técnicos Municipais, con respecto aos criterios avaliados mediante un xuízo de valor da licitación da citada obra:

INFORMO:

1.- Os Criterios avaliados mediante un xuízo de valor puntuaríanse cun máximo de 25 puntos valorados da seguinte maneira:

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15)

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Puntuación específica para el presente contrato:

5Puntos

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) Programa de traballo (cláusula 12 y 15):

Valorarase:

- análise correcto do ámbito de actuación
- análise correcto de posibles afeccións ao territorio, servizos pre-existentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos a realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ao borde da estrada (casetas de obra, grúas, contedores, maquinaria, etc.)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais a empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por enriba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por enriba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

Puntuación específica para o presente contrato:

10Puntos



CONCELLO DE CARNOTA

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) **Programa de actuación medioambiental** (cláusula 12 y 15):

Valorarase:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético a adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais a adoptar ao final da obra
- axuste de outras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos a realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Puntuación específica para o presente contrato:

5Puntos

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación medioambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación medioambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación medioambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12 y 15):

Valorarase:

- Medidas de prevención a adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación de algún tipo de auditoría periódica respecto aos resultados en materia de seguridade e saúde

Puntuación específica para o presente contrato:

5Puntos



CONCELLO DE CARNOTA

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación medioambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

2.- As empresas presentadas á licitación son as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	NºIdentificación B15081847
- CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	NºIdentificación B15261308
- MANTIDO SL	NºIdentificación B15819642
- CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L.	NºIdentificación B15832553
- ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO,S.L.	NºIdentificación B36805679

3.- A criterio do asinante a puntuación das empresas é a seguinte:

- CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.: 21,75 puntos

- Plan de control de calidade: 4,00 puntos**
Definición completa con suficiente adaptación á obra, tanto no control da recepción de materias como no control dos procesos construtivos, e na adecuación da estrutura organizativa da empresa e da obra (compromiso de control externo con 3C Calidad y Control S. Coop. Galega). ISO 2001:2015
- Programa de traballo: 9,75 puntos**
Definición completa e con suficiente adaptación á obra, facendo unha correcta análise do ámbito de actuación e distintas afeccións ao territorio. Divide a obra en 5 subfases de actuación. A zona de instalacións auxiliares e acopios de materiais sitúase na zona do lavadoiro de Lira, nas proximidades da obra, e fóra do ámbito de afección do Castro de Miñarzo, polo que non sería preciso solicitar outra autorización a Patrimonio polas instalacións auxiliares e acopios de materiais. Obsérvase coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT e unha satisfactoria adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra. Achega cartas de compromiso de colaboración de empresas proveedoras de materiais (pedra: Granitos del Val-Ourense e Granitos Mondariz-Porriño, a elixir pola dirección facultativa).
- Programa de actuación medioambiental: 4,00 puntos**
Análise correcta da relación entre obra e posibles afeccións ambientais. Medidas de control, reciclaxe de residuos, medidas de aforro enerxético e medidas de rexeneración ambiental satisfactorias. Existe unha descrición adecuada dos vertedoiros e centro de xestión de residuos (SIAVI-Vimianzo), así como dos medios humanos asignados a xestión ambiental na empresa e na obra.
- Esquema do plan de seguridade e saúde: 4,00 puntos**
Medidas de prevención e sistemas de seguimento do plan correctos. Oferta melloras de índole técnica e análises das posibles emerxencias. Acredita auditoría periódica en materia de seguridade e saúde (MUGATRA Sociedad de Prevención, S.L.).

- CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.: 16,50 puntos

- Plan de control de calidade: 3,50 puntos**
Definición completa con suficiente adaptación á obra, tanto no control da recepción de materias como no



CONCELLO DE CARNOTA

control dos procesos construtivos. Comprométese a financiar o 3% do PEM para control externo de calidade, non avaliable, porque o control externo debe financiarlo o promotor da obra. Compromiso de control externo con GEONOR, S.L.

b) Programa de traballo: 5,00 puntos

Definición completa con insuficiente adaptación á obra. Coloca instalacións auxiliares e acopio de materiais lindando coa estrada xeral, na zona de afección de Estradas, e dentro da área de protección do Castro de Miñarzo, polo que se precisa a autorización do Servizo de Urbanismo e do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Dispón de canteiras e planta asfáltica propias. Obsérvase coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT e unha satisfactoria adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra. Reportaxe fotográfica e vídeo. A pedra será subministrada por Rocas Graníticas del Condado (Pontevedra).

c) Programa de actuación medioambiental: 4,00 puntos

Análise correcta da relación entre obra e posibles afeccións ambientais. Medidas de control, reciclaxe de residuos, medidas de aforro enerxético e medidas de rexeneración ambiental satisfactorias. Existe unha descrición adecuada dos vertedoiros (Boiro) e centro de xestión de residuos (RESIDUOS Y RECICLAJES DE SANTIAGO, S.L.), así como dos medios humanos asignados a xestión ambiental na empresa e na obra.

d) Esquema do plan de seguridade e saúde: 4,00 puntos

Medidas de prevención e sistemas de seguimento do plan correctos. Acredita auditoría periódica en materia de seguridade e saúde (Norquality Consultores S.L.).

- MANTIDO SL: 17,50 puntos

a) Plan de control de calidade: 4,00 puntos

Definición completa con suficiente adaptación á obra, tanto no control da recepción de materias como no control dos procesos construtivos, e na adecuación da estrutura organizativa da empresa e da obra (compromiso de control externo con Galaicontrol S.L.).

b) Programa de traballo: 5,50 puntos

Definición completa, con insuficiente adaptación á obra. A zona de instalacións auxiliares e acopios de materiais sitúase dentro da área de protección do Castro de Miñarzo, polo que é preciso contar coa autorización do Servizo de Patrimonio Cultural. Ademais, o tramo máis curto para acceder á obra dende a zona de acopios discorre por unha rúa onde hai proxectada outra actuación ao mesmo tempo. Obsérvase coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT e unha satisfactoria adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra. Achega cartas de compromiso de colaboración de empresas provedoras de materiais.

c) Programa de actuación medioambiental: 4,00 puntos

Análise correcta da relación entre obra e posibles afeccións ambientais. Medidas de control, reciclaxe de residuos, medidas de aforro enerxético e medidas de rexeneración ambiental satisfactorias. Existe unha descrición adecuada dos vertedoiros e centro de xestión de residuos, así como dos medios humanos asignados a xestión ambiental na empresa e na obra.

d) Esquema do plan de seguridade e saúde: 4,00 puntos

Medidas de prevención e sistemas de seguimento do plan correctos. Oferta melloras de índole técnica e análises das posibles emerxencias. Sistemas de seguimento e control recollidos nos procedementos do seu Sistema Integrado de Xestión, que actualmente se atopa en período de redacción. Acredita auditoría en materia de seguridade e saúde (NORPREVENCIÓN).

- CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMÁN MOUZO, S.L.: 16,75 puntos

a) Plan de control de calidade: 3,25 puntos

Definición completa con insuficiente adaptación á obra.

b) Programa de traballo: 6,00 puntos

Definición completa, con insuficiente adaptación á obra. Coloca instalacións auxiliares e acopio de materiais preto do lugar da obras, pero dentro da área de afección do Castro de Miñarzo, polo que é preciso contar coa autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Obsérvase coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT e unha satisfactoria adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra. Achega cartas de compromiso de colaboración de empresas provedoras de materiais.

c) Programa de actuación medioambiental: 4,00 puntos

Análise correcta da relación entre obra e posibles afeccións ambientais. Medidas de control, reciclaxe de residuos, medidas de aforro enerxético e medidas de rexeneración ambiental satisfactorias. Existe unha descrición adecuada dos vertedoiros e centro de xestión de residuos (SIAMI-Vimianzo), así como dos medios humanos asignados a xestión ambiental na empresa e na obra.

d) Esquema do plan de seguridade e saúde: 3,50 puntos

Medidas de prevención e sistemas de seguimento do plan correctos. Oferta melloras de índole técnica e



**CONCELLO DE
CARNOTA**

análises das posibles emerxencias.

5. ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.: 6 puntos

- a) **Plan de control de calidade: 1,50 punto**
Definición parcial con suficiente adaptación á obra. Plan xenérico.
- b) **Programa de traballo: 3,00 puntos**
Definición parcial con suficiente adaptación á obra. Programa xenérico.
- c) **Programa de actuación medioambiental: 1,50 puntos**
Definición parcial con suficiente adaptación á obra. Plan xenérico.
- d) **Esquema do plan de seguridade e saúde: 0,00 puntos**
Só presenta o índice.

Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares, a empresa ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. **queda excluída** da segunda fase, por non acadar o 50 % dos puntos asignados á fase 1.

O arquitecto dos Servizos Técnicos Municipais

José Carlos Leis Caruncho